

APELIDOS E MOVEMENTOS DE POBOACIÓN EN GALICIA: ANÁLISE POR COHORTES E GRANDES CIDADES

M^a José Ginzo Villamayor¹

¹Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización. Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA)

RESUMO

Os apelidos poden utilizarse como fonte de información sobre as características da poboación, xa que a análise dos patróns de apelidos fornece información sobre a dinámica de movementos de poboación a curto e longo prazo.

No presente traballo estudamos os movementos migratorios en Galicia en tres momentos temporais distintos: antes de 1945, entre 1945 e 1965 e despois de 1965. Para cuantificar a intensidade dos fluxos migratorios, aplicamos unha transformación de tangente hiperbólica configurable, que permite normalizar os movementos en relación coa poboación de cada municipio. Este método inclúe un parámetro de regularización, que controla a sensibilidade do score de atracción e evita que os municipios con pouca poboación aparezan artificialmente sobrevalorados. A elección do parámetro de regularización permite axustar o impacto relativo dos municipios pequenos fronte aos grandes, garantindo unha interpretación estatisticamente robusta dos fluxos migratorios.

A análise realizouse en tres niveis. Primeiro, levouse a cabo unha avaliación global de Galicia para detectar patróns xerais de atracción e dispersión da poboación. Segundo, estudamos os movementos cara ás sete grandes cidades de Galicia, identificando cales municipios funcionan como atractores para distintos apelidos. Terceiro, centramos a nosa atención en apelidos específicos, incluíndo Rodríguez, o apelido máis común en Galicia, así como varios apelidos de orixe toponímica, para analizar a dinámica migratoria localizada e a concentración rexional dos grupos de apelidos.

Os datos empregados proceden do Censo de Galicia 2011, cedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE), permitindo unha análise completa a nivel municipal e por cohortes de idade.

Palabras e frases chave: apelidos, Galicia, migración, tangente hiperbólica, movementos, poboación.

REFERENCIAS

- Flegg, A.T., Pereira-López, X., Sánchez-Chóez, N. et al. (2025). An Examination of Alternative LQ-Based Approaches to Computing Regional Input–Output Coefficients. *Computational Economics*.
- Ginzo-Villamayor, M.J. (2022) Statistical Techniques in Geolinguistics. Onomastic Modeling. PhD Thesis.
- Rodríguez-Díaz, R., Manni, F. & Blanco-Villegas, M.J. (2024) A new approach to historical migratory movements based on surnames: the case of Spain. *Humanities and Social Sciences Communications* 11, 1541.
- Piazza, A., Rendine, S., Zei, G. et al. (1987) Migration rates of human populations from surname distributions. *Nature* 329, 714–716.